

SIMPOSIO INTERNACIONAL

Estudios literarios e campo cultural galego

2 e 3 de setembro de 2015

Segunda circular

Ampliación do prazo de envío de propostas

Logo das solicitudes recibidas no sentido de ampliar o período para o envío de propostas, a Comisión organizadora decidiu establecer un novo prazo con límite no día **30 de maio**.

Os investigadores e as investigadoras poden enviar propostas de comunicacións vinculadas ás seguintes liñas:

1. *Diglosia e texto* 30 anos despois
2. A reconceptualización do campo / sistema literario nas literaturas periféricas
3. Nación (e ficción) e ideoloxía
4. Lecturas da identidade e da alteridade
5. Relacións interliterarias, tradución e espazo cultural transnacional
6. Autonomía do campo e autonomía dos axentes: o caso galego 1950-2015
7. Cara a unha historia do campo literario e dos campos culturais galegos
8. Estudos literarios, estudos na cultura e Ciencias sociais
9. Referentes teóricos e diálogos heurístico-metodolóxicos abertos na investigación de Antón Figueroa

O Simposio *Estudios literarios e campo cultural galego* configúrase como un foro académico de encontro e debate arredor dos estudos literarios galegos desde o pensamento de Antón Figueroa. Celebrarase na Facultade de Filosofía de Santiago de Compostela os días 2 e 3 de setembro de 2015.

Información actualizada en seleccgal.wordpress.com.

Admisión de comunicacións

O Simposio contempla un proceso de avaliación dupla por pares anónimos previo á aceptación do traballo remitido. Un texto completo ou suficientemente avanzado das propostas, dun máximo de 5.000 palabras, deberá ser remitido ao enderezo simposio.campo.cultural2015@gmail.com **con data límite de 30 de maio**.

Con data límite de 15 de xuño a Comisión organizadora do Simposio comunicará a aceptación, a non aceptación ou as suxestións de modificación do traballo. Unha vez recibida a aceptación da comunicación, a persoa participante deberá pagar a inscrición segundo as cuotas, os prazos e o procedemento establecidos no apartado correspondente desta circular.

Os traballos seleccionados publicaranse nun volume colectivo. Os textos definitivos deberán remitirse logo da celebración do Simposio no prazo e segundo as normas de edición que se colocarán en seleccgal.wordpress.com.

Inscricións

Unha vez recibida a aceptación do traballo proposto, a declaración de orixinalidade (anexo I), a ficha de inscrición (anexo II), xunto co xustificante bancario de pagamento da inscrición serán remitidas ao enderezo simposio.campo.cultural2015@gmail.com con data límite de 30 de xuño.

As cuotas de inscrición serán de 50 € para asistentes con comunicación e de 25 € para asistentes sen comunicación. As persoas que acrediten a condición de estudantes terán un 50% de desconto neste importe.

Todos os pagamentos realizaranse entre os días 15 e 30 de xuño a través de transferencia bancaria á conta:

Banco: BSCH-Banco Santander

Code SWIFT: BSCHEMXXX

Nº de conta (IBAN): ES 40 0049-2584-90-2214002210

Concepto: Simposio Estudos literarios e campo cultural galego
(Nº de rexistro 2015-RC009-1)

Comisión científica

Alejandro Alonso Nogueira (Brooklyn College, CUNY), Arturo Casas (Universidade de Santiago de Compostela), Elías Torres Feijó (Universidade de Santiago de Compostela)

Comisión organizadora

Manuel Forcadela (Universidade de Vigo), Teresa López (Universidade da Coruña), Laurence Malingret (Universidade de Santiago de Compostela)

Ponencia por convite

Itamar Even-Zohar (Tel-Aviv University)

ANEXO I

DECLARACIÓN DE ORIXINALIDADE

O/A abaixo asinado/a _____ [NOME/S APELIDO/S¹] declara que o contributo _____ [TÍTULO] sometido para avaliación no **SIMPOSIO INTERNACIONAL Estudos Literarios e campo cultural galego** é da súa autoría e inédito, non foi previamente divulgado nin publicado por ningún medio, nin será sometido a outra avaliación ou publicado en revista, libro, actas de congreso ou calquera outro formato de divulgación da produción científica entre a data actual e as de celebración do Simposio.

E para así constar, asina/n a presente en _____ [LUGAR E DATA].

Asdo. NOME/S APELIDO/S

¹ Se a comunicación estiver asinada por máis de unha persoa, deben figurar os nomes completos de todas as persoas asinantes.

ANEXO II

FICHA DE INSCRICIÓN

1. Datos persoais

Nome*

Departamento / Facultade

País

Enderezo

Teléfono/s*

E-mail*

2. Modalidade e cuota de inscrición

Con comunicación (50 €)

Sen comunicación (25 €)

Estudante (50% desconto)

3. Datos da comunicación

Liña/s de adscrición

1. *Diglosia e texto* 30 anos despois

2. A reconceptualización do campo / sistema literario nas literaturas periféricas

3. Nación (e ficción) e ideoloxía

4. Lecturas da identidade e da alteridade

5. Relacións interliterarias, tradución e espazo cultural transnacional

6. Autonomía do campo e autonomía dos axentes: o caso galego 1950-2015

7. Cara a unha historia do campo literario e dos campos culturais galegos

8. Estudos literarios, estudos na cultura e Ciencias sociais

9. Referentes teóricos e diálogos heurístico-metodolóxicos abertos na investigación de Antón Figueroa

Título

Equipamento para a presentación

Computador

Proxector

Outro/s (indicar)

4. *Curriculum vitae* breve

(máximo 300 palabras)